



ORDENANZA FISCAL NUMERO 4

REGULADORA DA TAXA POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDA OU DE QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN OU AS AUTORIDADES LOCAIS A INSTANCIA DE PARTE

Artigo 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polos artigos 4 y 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 y 20.4.a) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a Taxa polos documentos que expida ou de que entenda a Administración ou as autoridades locais a instancia de parte, que se rexirá pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 2. FEITO IMPONIBLE

Constitue o feito imponible da taxa a actividade municipal desenvolvida como consecuencia da tramitación a instancia de parte de toda clase de documentos que expida ou de que entenda a Administración ou as autoridades municipais. A estes efectos, entenderáse tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fose provocada polo particular ou redunde no seu beneficio aínda que non haxa mediado solicitude expresa do interesado.

Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais, as consultas tributarias, expedientes de devolución de ingresos indebidos, recursos administrativos contra resolucións municipais de calquera índole e os relativos á prestación de servizos ou realización de actividades da competencia municipal e á utilización privativa ou aproveitamento especial de bens do dominio público municipal, que estean gravados por outra taxa municipal ou polos que se esixa un prezo público por este Concello, e aquelas establecidas por leis especiais.

Artigo 3.- SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas, así como as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de imposición, que soliciten, provoquen ou resulten beneficiadas pola tramitación ou expedición dos documentos a que se refire o artigo 2.

Artigo 4.- RESPONSABILIDADES

Serán responsábeis solidariamente das obrigas tributarias establecidas nesta Ordenanza toda persoa causante ou colaboradora na realización dunha infracción tributaria. nos supostos de declaración consolidada, todas as sociedades do grupo serán responsábeis solidarias das infraccións cometidas neste réxime de tributación.

Os copartícipes ou cotitulares das herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de imposición, responderán solidariamente e en proporción ás entidades súas respectivas participacións das obrigas tributarias de ditas entidades.

Serán responsábeis subsidiarios das infraccións tributarias simples e da totalidade da débeda tributaria en caso de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas, os administradores daquelas que non realicen os actos necesarios da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias infrinxidas, constricto no contentamento por quen dependan deles ou adopten acordos que fixesen posible as infraccións. Así mesmo, tais administradores responderán das obrigas tributarias que cumpridamente estean pendentes de cumprimentar polas persoas xurídicas que haxan cesado nas súas actividades.

Serán responsábeis subsidiarios os síndicos, interventores ou liquidadores de quiebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando por negligencia ou má fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obrigas tributarias devengadas con anterioridade a ditas situacións e que sexan imputábeis aos respectivos suxeitos pasivos.

Artigo 5.- ESENCIONS SUBJECTIVAS

Gozarán de esención aqueles contribuintes nos que conorra algunha das seguintes circunstancias:



- a) Ser preceptor de pensión non contributiva, previa acreditación
- b) Ser preceptor de pensión do Fondo de Asistencia Social (FÁS), previa acreditación
- c) Ter obtido o beneficio xudicial de xustiza de balde, respecto aos expedientes que deben subministrarse afeito no procedemento xudicial no que fose declarados
- d) Certificados e volantes para tramitar expedientes en Servicos Sociais, previa acreditación.
- e) Para solicitude de bolsas de estudos, a estudantes.
- f) Para presentación no INEM.
- g) Para solicitar a Cartiña Sanitaria.
- h) Para cursiños.
- i) Para matrícula de estudos (Gardería, centros escolares, universidade)
- j) Para solicitar o abono Social en Telefónica, por xubilación do titular do servico.
- k) Para presentación a os posto de traballo, ofertados por este Concello.
- l) Para tramitación ante este Concello de solicitude da bonificación prevista no artigo 5, punto 3.2, da Ordenanza Fiscal núm. 1 do Imposto sobre Bens Inmóbles

Artigo 6.- DEVEÑO

A obriga de Administración contribuír nace coa expedición do documento de que haxa de entender a Administración municipal, sen que se inicie a actuación ou o expediente ata que se haxa efectuado o pago xunto coa solicitude, co carácter de depósito previo.

Artigo 7.- COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.

A cota de tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, desde a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ao interesado do acordo recaído.

As cotas resultantes por aplicación das anteriores tarifas, incrementaranse nun 50% cando os interesados solicitasen con carácter de urxencia a tramitación dos expedientes que motivasen o deveño.

Artigo 8.- TARIFA

A tarifa a que se refire o artigo anterior, se estrutura nos seguintes epígrafes:

EPÍGRAFE PRIMEIRO CERTIFICACIÓNS	CERTIFICACIÓNS EN XERAL	7,32
	CERTIFICACIÓNS URBANÍSTICAS	61,28
	INFORMACIÓNS EN QUE HAXA QUE ACADAR DATOS DA POLICÍA LOCAL	11,53
	INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS	38,35
	VOLANTES DE EMPADROAMENTO	6,79
EPÍGRAFE SEGUNDO: COPIA DE DOCUMENTOS	COPIA DE DOCUMENTOS E DADOS DOS ARQUIVOS MUNICIPAIS. OU DUPLICADOS DOS MESMOS	4,86
	COTEXO E DILIXENCIA DE DOCUMENTOS. POLA PRIMEIRA COPIA	4,86
	POR CADA UNHA DAS FOLLAS SEGUINTE	0,43
	DUPLICADOS DE RECIBOS	1,70
	COPIA DE ATESTADOS DE POLICÍA LOCAL	47,55
EPÍGRAFE TERCEIRO EXP. ADMINISTRATIVOS	EXPTES. EN XERAL (EXCEPTO ACTIVIDADES CLASIFICADAS)	5,60
EPÍGRAFE CUARTO CERTIFICADOS DE CATASTROS E PADRÓNS	A) CERTIFICACIÓNS DE CATASTROS OU PADRÓNS DE BENS, MESMO NEGATIVAS EN TODO CASO	7,67
	A CANTIDADE ANTERIOR SE INCREMENTARÁ NAS SEGUINTE CONTÍAS: *CERTIFICACIÓNS RELATIVAS A BENS DE NATUREZA URBANA, POR CADA 900,00 EUROS OU FRACCIÓN DE VALOR CATASTRAL DE CADA UNHA DAS FINCAS	0,37



	* CERTIFICACIÓNS RELATIVAS A BENS DE NATUREZA ECONOMICA RÚSTICA, POR CADA 600,00 EUROS OU FRACCIÓN DE VALOR CATASTRAL DE CADA UNHA DAS FINCAS	0,61
	B) POR CERTIFICACIÓNS DE DADOS DE PADRÓNS DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS, TANTO POSITIVAS COMO NEGATIVAS	5,76
EPÍGRAFE QUINTO: CONCESIÓNS E LICENCIAS	POR CADA CONCESIÓN OU LICENCIA QUE SE EXPIDA POR ESTE CONCELLO	3,90
	POR CADA LICENCIA DE AVALIACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL	116,13
EPÍGRAFE SEXTO: CONCURSOS E POXAS	* PROVISIÓN DE POSTOS MEDIANTE OPOSICIÓN OU CONCURSO-OPOSICIÓN POR TODO O PROCEDIMENTO INDEPENDIENTEMENTE DO NÚMERO DE PROBAS E DA CATEGORÍA DA PRAZA A CUBRIR, E TANTO SE É FUNCIONARIO COMA LABORAL	36,46
	* DE OBRAS E SERVICIOS: POR CADA PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE EN CONTRATACIÓN DE OBRAS, SUBMINISTRACIÓNS OU SERVICIOS, CANDO O TIPO DE LICITACIÓN SEXA INFERIOR A 60.100,00 €	11,88
	* PARA TIPOS DE LICITACIÓN SUPERIORES	34,46
	- POR CADA 30.050,00 € OU FRACCIÓN QUE EXCEDA DOS 60.100,00 € ABONARANSE, ADEMAIS	5,37
	* BASTANTEO DE PODERES	15,32
EPÍGRAFE SÉTIMO: SERVICIOS URBANÍSTICOS	RECOÑECIMENTO DE EDIFICIOS A INSTANCIA DE PARTE, MESMO PARA OBTENCIÓN DE LICENCIAS DE PRIMEIRA OCUPACION	56,66
	SINALAMENTO DE ALIÑACIÓNS E RASANTES, SERVICIOS DE CONTROL DE ALTURAS DE PLANTA EN EDIFICACIÓNS	114,86
EPÍGRAFE OITAVO: VENDA DE IMPRESOS	IMPRESO LICENCIA DE APERTURA DE ESTABLECIMENTOS	2,47
	IMPRESO LICENCIA DE ACTIVIDADES MOLESTAS	10,63
	IMPRESO LICENCIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE VIVENDAS	1,42
	IMPRESO CONCESIÓN CELEBRACIÓN DE FESTEXOS	2,29
	IMPRESO LICENCIA DE OBRA PARA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS PARA ESPECTACULOS PÚBLICOS	2,13
	IMPRESO 901 MODELO DECLARACIÓN DE ALTERACIÓN DE TITULAR CATASTRAL DE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA (VELLOS)	0,40
	IMPRESO MODELO 901 DECLARACIÓN DE ALTERACIÓN DE TITULAR CATASTRAL DE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA (NOVOS)	0,64
	IMPRESO MODELO 902 DECLARACIÓN DE ALTERACIÓN DE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA	2,06
	IMPRESO MODELO 902-S DECLARACIÓN SIMPLIFICADA DE ALTERACIÓN DE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA	1,23



	IMPRESO MODELO 903 DECLARACIÓN DE ALTERACIÓN DE TITULAR CATASTRAL DE BENS INMOBLES DE NATUREZA RÚSTICA	0,64
	IMPRESO MODELO 904 DECLARACIÓN DE ALTERACIÓN DE BENS DE NATURA-LEZA RÚSTICA	1,34

As taxas sinaladas para licencias de primeira ocupación ABONARANSE en réxime de autoliquidación, a través do impreso habilitado ao efecto por este Concello, no momento da solicitude da mencionada licencia e previa acreditación en todo caso da finalización das obras e do custe real e efectivo das mesmas, nos mesmos términos esixidos para a realización da autoliquidación definitiva no Imposto de construcións, instalacións ou obras, podendo ser no seu caso, obxecto da correspondente comprobación administrativa.

No caso de edificios, esixirase unha licencia de primeira ocupación por cada vivenda ou local.

Artigo 9. -**NORMAS DE XESTION**

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, polo mesmo procedemento do selo municipal aderido ao escrito de solicitude da tramitación do documento ou expediente, ou nestes mesmos se aquel escrito non existise, ou a solicitude non fose expresa ou ben mediante impresión mecánica nos mesmos. Así mesmo poderá facerse efectiva de conformidade co disposto no ap. 6 do art. 38 da Lei 30/92 de 26 de novembro, de Réximen Xurídico e do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

Os escritos recibidos polos conductos a que fai referencia o art. 38 da Lei 30/92 de 26 de novembro que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non poderá darselles curso sen que se emende a deficiencia, a tal fin requirirase ao interesado para que no prazo de dez días abone as cotas correspondentes co apercibimento de que, transcorrido dito prazo sen efectualo, teranse os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.

As certificacións ou documentos que expida a Administración municipal en virtude de oficio de Xulgados ou tribunais para toda clase de preitos, non se entregarán nin remitirán sen que previamente se haxa satisfeito a correspondente cota tributaria.

Artigo 10. -**INFRACCIÓN E SANCIÓN TRIBUTARIAS**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais previsto nesta Ordenanza, se estará ao disposto nos arts. 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza Fiscal, cúa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 10 de novembro de 2011, estará en vigor a partir da súa publicación definitiva no boletín oficial da provincia e manteráse vixente ata a súa modificación ou derrogación expresa.